

nacido, as circunstancias persoais dos pais adoptivos, a oportuna referencia ao matrimonio destes e a constancia do seu domicilio como lugar de nacemento do adoptado.

4. Igualmente, nas inscricións de nacemento que sexan consecuencia da adquisición da nacionalidade española por cidadáns cuxo lugar de nacemento sexa un país estranxeiro, os interesados poderán solicitar, no momento de se levantar a acta de xuramento ou promesa de fidelidade ao Rei e obediencia á Constitución e ás leis, que se estenda a inscrición de nacemento no Rexistro Civil Municipal correspondente ao domicilio en que se instrúe o oportuno expediente rexistral.

5. O Rexistro Civil en que se practique a inscrición de nacemento acaecido no estranxeiro conforme o disposto nos puntos 3 e 4 deste artigo, comunicaralle a devandita inscrición ao Rexistro Civil Central, que seguirá sendo competente para todos os demais actos de estado civil que afecten o inscrito.»

Disposición adicional oitava. *Modificación do punto segundo do artigo 18 da Lei do 8 de xuño de 1957, reguladora do Rexistro Civil.*

O punto segundo do artigo 18 da Lei do 8 de xuño de 1957, reguladora do Rexistro Civil, queda redactado nos seguintes termos:

«Igualmente levaranse no Rexistro Civil Central os libros formados cos duplicados das inscricións consulares e das inscricións de nacemento practicadas nos rexistros municipais do domicilio conforme o disposto no punto 5 do artigo 16.»

Disposición adicional novena. *Réxime de concesión de bolsas e axudas ao estudo.*

As bolsas e axudas ao estudo que se convoquen con cargo aos orzamentos do Ministerio de Educación e Ciencia para seguir estudos regrados e para as cales non se fixe un número determinado de beneficiarios, concederánselles de forma directa, ao abeiro do disposto no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aos alumnos dos distintos niveis do sistema educativo, tanto universitario como non universitario.

A súa contía fixarase en función dos custos concretos que xere a educación para os estudantes, así como das circunstancias socioeconómicas da súa unidade familiar. As bolsas concederanse atendendo ao aproveitamento académico, cando proceda, así como aos niveis de renda e patrimonio con que conte a unidade familiar.

O réxime de bolsas e axudas ao estudo a que se refire este artigo desenvolverase regulamentariamente mediante real decreto que deberá contar con informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición adicional décima. *Plan de Acción de Aforro e Eficiencia Enerxética.*

O Goberno, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, presentará ante o Congreso dos Deputados un Plan de Acción de Aforro e Eficiencia Enerxética para os próximos anos, coa colaboración das comunidades autónomas, no cal se observarán medidas e accións dirixidas a incentivar a redución do consumo enerxético nos principais sectores consumidores e o desenvolvemento de actividades en fontes de enerxía renovables e de coxeración.

Disposición derogatoria. *Derogación normativa.*

1. En particular, quedan derogadas as seguintes normas:

1.1 O parágrafo sexto do artigo 328 da Lei hipotecaria.

1.2 O artigo 329 da Lei hipotecaria.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición transitoria.

O previsto na disposición adicional novena da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, resultará de aplicación a todos os elaborados de tabaco actualmente aprehendidos ou comisados, con independencia da data da aprehensión ou comiso.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

O disposto no título I desta lei ten o carácter de normas básicas ditadas ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución.

O disposto no título II desta lei ten o carácter de lexislación de aplicación xeral ditada ao abeiro do artigo 149.1.6.^a, 8.^a e 18.^a

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Habilitase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto nesta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

19084 *REAL DECRETO 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento.* («BOE» 278, do 21-11-2005.)

Este real decreto ten por obxecto establecer as bases de regulación do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes

transmisibles, no sucesivo EET, en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento.

Existen evidencias científicas que demostran a resistencia natural dalgúns animais a determinadas enfermidades, relacionada con caracteres xenéticos. Esta resistencia pode ser determinada e medida utilizando técnicas de xenotipado, e os estudos técnicos levaron á conclusión de que se poden establecer, en función do xenotipo do animal, categorías de resistencia ou de risco de padecer EET no caso do ovino.

O Comité Científico Director da Unión Europea recomendoulles aos Estados membros realizar os estudos necesarios para coñecer as características xenéticas do gando ovino de Europa, con relación ao xenotipo do xene que codifica para a proteína prion, no sucesivo xene PRNP, como parte da estratexia de control das EET nos pequenos ruminantes. Esta recomendación foi recollida na Decisión 2002/1003/CE da Comisión, do 18 de decembro de 2002, pola cal se fixan os requisitos mínimos para un estudo dos xenotipos da proteína do prion das especies ovinas, que obrigaba os Estados membros a realizar un estudo completo sobre o xenotipo do xene PRNP das súas razas ovinas, que sexan autóctonas ou que constituían unha parte importante do gando ovino do seu territorio.

Unha vez concluídos os estudos técnicos realizados en España, dispónse da información básica necesaria para establecer as directrices das actuacións futuras, en materia de selección xenética para resistencia a EET en ovino.

A Decisión 2003/100/CE da Comisión, do 13 de febreiro de 2003, pola cal se fixan os requisitos mínimos para o establecemento de programas de cría de ovinos resistentes ás encefalopatías esponxiformes transmisibles, establece unha serie de directrices e requisitos mínimos, que se incorporan a este real decreto, para articular os mecanismos que permitan a aplicación do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino en España.

O obxectivo principal da decisión da Comisión é que cada raza ovina dispoña dun programa de produción, que inclúa, como obxectivo de selección, o incremento da frecuencia dun determinado xenotipo do xene PRNP, para eliminar progresivamente os animais con xenotipos de maior sensibilidade e dispor de gando ovino resistente a ese grupo de enfermidades. É indispensable, por tanto, a análise do xenotipo do xene PRNP de todo o gando ovino de razas selectas, para poder establecer as medidas adecuadas nos programas de produción, para que se garanta a conservación ou mellora de cada raza coa máxima resistencia xenética, de acordo cos coñecementos científicos actuais.

É conveniente estender aos rabaños ovinos de produción non integrados por animais de raza pura a posibilidade de efectuar análises do xenotipo dos seus animais reprodutores e de acceder ao recoñecemento oficial, segundo o nivel de resistencia ás EET, co fin de estender a selección xenética para resistencia a EET a toda a poboación ovina.

Con fundamento no anterior, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa colaboración das comunidades autónomas e as organizacións de criadores de razas puras de ovino, deseñou o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás EET, en adiante Programa nacional de xenotipado ovino. O Programa nacional de xenotipado ovino está constituído polas seguintes actuacións: o establecemento de programas de selección xenética para cada raza, a identificación individual e xenotipado dos animais, a clasificación de rabaños e a aplicación dun sistema específico de xestión da información (Aries).

Un dos elementos clave do programa constitúeno os programas de selección xenética, consistentes en ampliar

os programas de conservación ou mellora de cada raza ovina, coa incorporación da resistencia ás EET como obxectivo de selección.

Para o desenvolvemento do Programa nacional de xenotipado ovino, prevese o financiamento, por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, da identificación individual electrónica dos animais, así como da posta en marcha e mantemento do sistema de información Aries. Por outro lado, prevese a instauración de diversas subvencións, de conformidade coas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C 28/02), e notificadas á Comisión da Unión Europea, destinadas a incentivar o desenvolvemento do Programa nacional de xenotipado ovino.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de novembro de 2005,

DISPÓÑO :

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer:

a) As normas básicas e de coordinación para o establecemento do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino.

b) A normativa básica das subvencións para o desenvolvemento do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Programa de selección xenética: esquema de selección asociado ao xenotipo do xene que codifica para a proteína prion, no sucesivo xene PRNP, deseñado sobre a base das frecuencias alélicas do dito xene.

b) Autoridades competentes: os órganos competentes das comunidades autónomas e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando se trate de organizacións recoñecidas por este.

c) Organizacións de criadores oficialmente recoñecidas: aquelas que obtiveron un recoñecemento oficial da autoridade competente para a xestión do libro xenealóxico correspondente, en virtude do Real decreto 286/1991, do 8 de marzo, sobre selección e reprodución de gando ovino e caprino de razas puras.

d) Explotación: calquera instalación, construción ou, no caso da cría ao aire libre, calquera lugar en que se teñan, críen ou manexen ou se expoñan ao público animais de produción da especie ovina.

e) Rabaño de alto valor xenético: rabaño de ovinos de raza pura destinados á reprodución, tal e como se define no Real decreto 286/1991, do 8 de marzo, sobre selección e reprodución de gando ovino e caprino de razas puras, ou calquera outro rabaño de ovinos que a autoridade competente recoñeza como de elevada impor-

tancia para a comercialización ou a produción de ovinos destinados á reprodución da mesma raza, mantidos nunha única explotación.

f) Rabaño de produción: calquera rabaño de ovinos non incluído na definición anterior.

g) Xene PRNP: secuencia de ADN cromosómico que codifica para a proteína de membrana ou PrP, cuxa variabilidade alélica condiciona o grao de resistencia a determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles, en adiante EET.

h) Alelo: forma alternativa do xene e PRNP, definida con referencia aos aminoácidos codificados polos codóns 136, 154 e 171 do xene PRNP.

i) Expresión do xenotipo: o xenotipo expresárase segundo o establecido no anexo I.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación:

a) En todas as explotacións de gando ovino, sitas no territorio nacional, con rabaños de alto valor xenético,

b) A todos aqueles rabaños ovinos de produción que desexen participar no Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino baixo as condicións establecidas neste real decreto.

Artigo 4. *Contido do Programa nacional de xenotipado ovino.*

O Programa nacional de selección xenética para a resistencia a encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, en adiante Programa nacional de xenotipado ovino, comprende as seguintes actuacións, de acordo coa Decisión 2003/100/CE da Comisión, do 13 de febreiro de 2003, pola que se fixan os requisitos mínimos para o establecemento de programas de cría de ovinos resistentes ás encefalopatías esponxiformes transmisibles:

a) O establecemento de programas de selección xenética para cada raza ovina.

b) A identificación individual de todos os animais participantes no programa, toma de mostras e análise e certificación do seu xenotipo para o xene PRNP.

c) O desenvolvemento e explotación dun sistema nacional de información, para a identificación e xenotipado de gando ovino (Aries).

d) A clasificación e o recoñecemento oficial do status de resistente ás EET de certas explotacións de ovinos, en función do xenotipo dos seus reprodutores.

e) A designación dun laboratorio nacional de referencia para o xenotipado de ovino e o establecemento do procedemento de designación doutros laboratorios autorizados.

Artigo 5. *Competencias.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación exercerá a coordinación do Programa nacional de xenotipado ovino coas comunidades autónomas, as organizacións de criadores oficialmente recoñecidas e, se é o caso, outras organizacións de criadores de ovino, para a súa adecuada aplicación en todo o territorio nacional.

Artigo 6. *Rabaños participantes.*

1. A participación no Programa nacional de xenotipado ovino será obrigatoria para os rabaños de alto valor xenético de acordo co establecido na Decisión 2003/100/CE da Comisión, do 13 de febreiro de 2003, pola cal se fixan os requisitos mínimos para o establecemento de progra-

mas de cría de ovinos resistentes ás encefalopatías esponxiformes transmisibles.

2. Os rabaños de produción poderanse integrar, voluntariamente, no Programa nacional de xenotipado ovino a partir do día da entrada en vigor deste real decreto.

3. Os rabaños de alto valor xenético e os rabaños de produción, participantes no Programa nacional de xenotipado ovino, deberán cumprir as normas específicas incluídas no anexo II.

CAPÍTULO II

Programas de selección xenética por razas

Artigo 7. *Características dos programas de selección xenética por razas.*

1. Estableceranse obxectivos e criterios de selección baseados nas frecuencias alélicas coñecidas de cada raza e nos programas de mellora ou conservación daquelas, para aumentar a frecuencia de alelos e xenotipos resistentes a EET e reducir a prevalencia daqueles alelos dos cales se demostrou que contribúen á susceptibilidade de contraer EET, en todas as razas ovinas incluídas no Catálogo oficial de razas de gando de España e aquelas outras razas que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación inclúa no Programa nacional de xenotipado ovino, por proposta dos órganos competentes das comunidades autónomas.

2. Eses obxectivos e criterios de selección constituirán os programas de selección xenética asociados ao xenotipo do xene PRNP, en adiante programas de selección xenética, e consistirán en modificacións aos programas de mellora ou conservación de cada raza.

3. Os programas de selección xenética deberán ter en conta:

- As frecuencias dos distintos alelos na raza.
- O estado de conservación da raza.
- A prevención da consanguinidade ou a deriva xenética.

Artigo 8. *Criterios de participación nos programas de selección xenética por razas.*

1. Todos os criadores que manteñan animais inscritos nun libro xenealóxico deberán participar no correspondente programa de selección xenética.

2. A partir do día da entrada en vigor deste real decreto, os animais reprodutores que sexan inscritos en calquera rexistro dun libro xenealóxico estarán xenotipados.

Artigo 9. *Procedemento de elaboración, aprobación e execución dos programas de selección xenética por razas.*

1. As organizacións de criadores oficialmente recoñecidas deberán elaborar a proposta dos programas de selección xenética de cada raza, coas características establecidas no artigo 7.

2. Os programas de selección xenética deberán incluír, como mínimo:

- Os obxectivos e criterios de selección xenética para resistencia a EET.
- A descrición da situación de partida.
- As actuacións previstas e os cronogramas para alcanzar os obxectivos previstos, incluíndo os apareamentos dirixidos, o uso da inseminación artificial ou outras técnicas de reprodución asistida.

d) As actuacións previstas para evitar a consanguinidade, deriva xenética, perda de variabilidade xenética, perda de efectivos, perda de caracteres produtivos ou outros.

e) As posibles repercusións na mellora ou conservación da raza.

f) A previsión de difusión da mellora xenética alcanzada en relación coa resistencia a EET.

3. As organizacións de criadores oficialmente recoñecidas presentarán, no prazo máximo de dous meses tras a entrada en vigor deste real decreto, as propostas dos programas de selección xenética de cada raza, para a súa aprobación ante a mesma autoridade competente que, no seu momento, aprobou o correspondente programa de mellora ou conservación da raza.

4. Cando a aprobación do programa corresponda ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o prazo máximo en que se debe resolver a aprobación e notificarse a resolución expresa será de tres meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro xeral do dito ministerio.

5. Cando a aprobación lle corresponda ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, unha vez aprobado o programa de selección xenética e notificada a resolución expresa á correspondente organización de criadores oficialmente recoñecida, o dito ministerio dará traslado, no prazo dun mes, do dito programa e do acto da súa aprobación á comunidade autónoma ou ás comunidades autónomas en que se vaia desenvolver o programa.

6. Cando a aprobación corresponda ás comunidades autónomas, unha vez aprobado o programa de selección xenética e notificada a resolución expresa á correspondente organización de criadores oficialmente recoñecida, as ditas comunidades autónomas darán traslado, no prazo de dous meses, do dito programa e do acto da súa aprobación ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

7. A execución dos programas de selección xenética corresponderalle á organización proponente e iniciarase con carácter inmediato tras ser aprobada pola autoridade competente.

CAPÍTULO III

Identificación dos ovinos e toma de mostras

Artigo 10. *Método para a identificación dos ovinos.*

1. Todos os animais participantes no Programa nacional de xenotipado ovino deberán estar identificados, de acordo coa lexislación vixente en materia de identificación ovina.

2. Ademais, establécese, como método de identificación individual para os ovinos reprodutores participantes no Programa nacional de xenotipado ovino, o bolo ruminal con dispositivo electrónico, de acordo coas normativas da Organización Internacional para a Normalización (ISO 11784 e 11785).

3. Non obstante o establecido no número 2, no caso de animais pertencentes a razas que, polo seu peso adulto ou desenvolvemento fisiolóxico característico común, non se poida ou non sexa recomendable realizar a súa identificación mediante bolo ruminal con dispositivo electrónico, identificaranse mediante dúas marcas auriculares cun mesmo código. Para se acoller a esta excepción serán necesarios a avaliación e mais o informe previo do Comité español de identificación electrónica dos animais (CIEA), creado pola Orde APA/2405/2002, do 27 de setembro.

Artigo 11. *Toma e identificación de mostras para o seu xenotipado.*

As mostras para a realización das análises en laboratorio do xene PRNP serán recollidas, identificadas e procesadas por persoal autorizado pola autoridade competente, seguindo os protocolos técnicos e os procedementos establecidos polo laboratorio nacional de referencia.

CAPÍTULO IV

Sistema nacional de información para a identificación e xenotipado de gando ovino (Aries)

Artigo 12. *Concepto e contido do sistema de información.*

O sistema de información para a identificación e xenotipado de gando ovino, denominado Aries, que depende do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, constitúese nunha aplicación informática con tecnoloxía internet/intranet, cunha base de datos informatizada, que contén, como mínimo, os datos relativos:

- Á identificación individual, raza e número de animais participantes no programa.
- Aos titulares das explotacións.
- Aos usuarios do sistema.
- As mostras e resultados.

Artigo 13. *Localización e acceso á información.*

1. O servidor central do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación disporá de toda a información prevista no artigo 12.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación posibilitará o acceso a esa información, por medios telemáticos, ás comunidades autónomas nos datos referentes ao seus respectivos ámbitos de actuación, e aos demais usuarios nos datos que lles correspondan, sen prexuízo dos límites que legalmente correspondan para a protección de datos de carácter persoal.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación rexistrará, na Axencia Española de Protección de Datos, os ficheiros que, pola natureza do seu contido, estean previstos no ámbito de aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO V

Recoñecemento oficial do status de resistente ás EET a certas explotacións de ovinos e certificación do xenotipo dos ovinos

Artigo 14. *Procedemento para o recoñecemento oficial do status de resistente ás EET de explotacións de ovinos.*

1. Corresponderá ás autoridades competentes das comunidades autónomas o recoñecemento oficial do status de resistente ás EET de explotacións de ovinos.

2. O recoñecemento oficial do status de resistente a EET de explotacións de ovinos deberá respectar os criterios básicos establecidos no anexo III, e terá efectos en todo o territorio nacional.

3. O recoñecemento oficial do status de resistente a EET dunha explotación, de acordo co establecido nos puntos anteriores, non se considerará criterio necesario para excluír a presenza de EET na dita explotación.

Artigo 15. *Certificación do xenotipo dos animais.*

1. Corresponderalles ás autoridades competentes das comunidades autónomas a expedición de certificados do xenotipo dos animais participantes no Programa nacional de xenotipado ovino.

2. A expedición de certificados do xenotipo dos animais participantes no Programa nacional de xenotipado ovino deberase basear na información contida no sistema de información Aries, e terá efectos en todo o territorio nacional.

3. O certificado conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) Número de certificado.
- b) Código de identificación individual do animal.
- c) Raza.
- d) Sexo.
- e) Xenotipo.
- f) Data de análise.
- g) Propietario.
- h) Código da explotación.
- i) Data de emisión do certificado.

4. Todo animal que sexa obxecto de intercambio dentro do territorio nacional deberá ir xunto co seu certificado de xenotipo debidamente cuberto.

5. O novo titular solicitaralle á autoridade competente, na forma e nos prazos que esta determine, a consignación do novo propietario e explotación.

6. As cartas xenealóxicas expedidas polas organizacións oficialmente reconecidas deberán incluír a información sobre o xenotipo do xene PRNP. Esa información deberase basear nos datos contidos no sistema Aries e terá efectos en todo o territorio nacional.

CAPÍTULO VI

Laboratorio nacional de referencia e laboratorios autorizados

Artigo 16. *Laboratorio nacional de referencia.*

1. Désígnase o Laboratorio Central de Sanidade Animal, sito en Algete (Madrid), como laboratorio nacional de referencia para a análise do xene PRNP, no marco do Programa nacional de xenotipado ovino.

2. As funcións do laboratorio nacional de referencia son as previstas no artigo 29.2 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Artigo 17. *Laboratorios oficiais das comunidades autónomas.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán autorizar os laboratorios de carácter público ou privado, competentes para efectuar as análises do xene PRNP en mostras de ovinos.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas comunicaranlle á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os laboratorios autorizados dentro do seu ámbito, así como calquera variación que se produza, co obxecto de confeccionar a relación nacional de laboratorios autorizados.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas designarán aquel ou aqueles laboratorios, de entre a relación nacional de laboratorios autorizados, que poidan realizar, no marco do Programa nacional de xenotipado ovino, as análises de xenotipos dos animais situados no seu ámbito territorial.

4. Os laboratorios designados formarán parte do sistema Aries.

5. O xenotipado do xene PRNP a partir de mostras de ovinos participantes no Programa nacional de xenotipado ovino só se poderá realizar no laboratorio nacional de referencia ou nos laboratorios autorizados e designados.

CAPÍTULO VII

Financiamento do Programa nacional de xenotipado ovino

Artigo 18. *Financiamento do sistema de identificación individual dos ovinos.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación cofinanciará as comunidades autónomas, ata un máximo do 50 por cento do custo dos compoñentes do sistema de identificación electrónica individual, dos animais participantes no Programa nacional de xenotipado ovino, con cargo ao crédito existente na aplicación que se prevexa nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio, dentro das disponibilidades orzamentarias, durante un período de cinco anos, contado desde a entrada en vigor deste real decreto.

2. A distribución territorial dos créditos consignados para o efecto nos orzamentos xerais do Estado a cargo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizarase de acordo co previsto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Na súa virtude, para cada exercicio establecerase, de acordo coas disponibilidades orzamentarias e tendo en conta, se é o caso, os remanentes do exercicio anterior, a cantidade máxima correspondente a cada comunidade autónoma.

Artigo 19. *Financiamento do sistema de información Aries.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sufragará, con cargo aos créditos correspondentes consignados nos orzamentos xerais do Estado, os custos:

- a) Do deseño, desenvolvemento e implantación do sistema no seu conxunto.
- b) Dos investimentos en equipamentos no nivel central e o seu mantemento.
- c) Do mantemento operativo do sistema, incluíndo a actualización de software.

CAPÍTULO VIII

Subvencións estatais para o desenvolvemento do Programa nacional do xenotipado ovino

Artigo 20. *Liñas de subvención e obxecto.*

Establécense as seguintes liñas de subvencións para o desenvolvemento do Programa nacional de xenotipado ovino, en réxime de concorrencia competitiva:

- a) Subvencións para a aplicación dos programas de selección xenética, especificados no capítulo II.
- b) Subvención para a utilización de centros de inseminación artificial, creación de bancos de ADN, creación de bancos de material xenético con destino á reprodución e ao desenvolvemento de programas de inseminación artificial.
- c) Indemnizacións pola eliminación da reprodución, por sacrificio ou castración, de animais ovinos, machos, maiores de seis meses de idade, inscritos nun libro xenealóxico, con algún alelo VRQ no seu xenotipo.

Artigo 21. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nas letras a) e b) do artigo 20 as organizacións de criadores que cumpran, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan do recoñecemento oficial da autoridade competente para a xestión do libro xenealóxico correspondente, en virtude do Real decreto 286/1991, do 8 de marzo, sobre selección e reprodución de gando ovino e caprino de razas puras.

b) Que dispoñan dun programa de conservación ou de mellora aprobado pola autoridade competente.

c) Que dispoñan dun programa de selección xenética aprobado ou presentado para a súa aprobación pola autoridade competente, de acordo co establecido no capítulo II.

2. Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas no artigo 20.c) os gandeiros titulares de explotacións que cumpran, como mínimo, o requisito de seren propietarios de animais reprodutores ovinos, machos, maiores de seis meses de idade, inscritos nun libro xenealóxico, con algún alelo VRQ no seu xenotipo, que fosen eliminados da reprodución, por sacrificio ou castración.

Artigo 22. *Criterios de valoración.*

Na concesión das subvencións previstas neste capítulo, cando as solicitudes excedan do crédito orzamentario consignado para o efecto, darase prioridade a aquelas solicitudes que, en maior medida, se axusten aos seguintes criterios mínimos:

a) Nas subvencións previstas nas letras a) e b) do artigo 20:

1.º Terán prioridade as organizacións de criadores oficialmente recoñecidas que xestionen razas autóctonas españolas sobre outras organizacións.

2.º De entre as anteriores, terán prioridade as organizacións con maior censo de reprodutores participantes no correspondente programa de selección xenética.

b) Nas subvencións previstas no artigo 20.c):

1.º Terán prioridade os propietarios de animais pertencentes a razas autóctonas españolas sobre o resto de razas.

2.º De entre os anteriores, terán prioridade os propietarios de animais pertencentes a razas con maior censo de reprodutores participantes no correspondente programa de selección xenética.

Artigo 23. *Prazo de presentación e contido da solicitude.*

1. Poderanse solicitar as axudas previstas no artigo 20.a), durante os cinco primeiros anos de aplicación do correspondente programa de selección xenética. O prazo de inicio para os efectos destas axudas será o 1 de xaneiro de 2006.

As solicitudes presentaranse dentro do prazo previsto na respectiva convocatoria de cada comunidade autónoma e, en todo caso, antes do 28 de febreiro de cada ano.

As solicitudes deberán ir xunto con, polo menos, a documentación acreditativa dos requisitos exixidos e, especificamente, nas solicitudes presentadas a partir do segundo ano de aplicación do programa de selección xenética, un informe sobre a evolución do dito programa.

2. Poderanse solicitar as axudas previstas no artigo 20.b) durante os cinco primeiros anos de aplicación

do correspondente programa de selección xenética. O prazo de inicio para os efectos destas axudas será o 1 de xaneiro de 2006.

As solicitudes presentaranse dentro do prazo previsto na respectiva convocatoria de cada comunidade autónoma e, en todo caso, antes do 28 de febreiro de cada ano.

As solicitudes deberán ir xunto con, polo menos, a documentación acreditativa dos requisitos exixidos e, especificamente, a documentación que acredite que os centros de inseminación artificial que van ser utilizados están autorizados para os intercambios intracomunitarios de animais vivos, esperma e embrións, de acordo á lexislación vixente na Unión Europea

3. Poderanse solicitar as axudas previstas no artigo 20.c) dentro do prazo previsto na respectiva convocatoria de cada comunidade autónoma e, en todo caso, antes do 28 de febreiro de cada ano, polos animais eliminados no exercicio anterior. O prazo inicial para a presentación será o 1 de xaneiro de 2006.

Non obstante, na primeira solicitude poderanse incluír os animais machos, maiores de seis meses de idade, inscritos nun libro xenealóxico e con algún alelo VRQ, sacrificados desde o 14 de febreiro de 2003, de acordo co establecido na Decisión 2003/100/CE da Comisión, do 13 de febreiro de 2003, pola que se fixan os requisitos mínimos para o establecemento de programas de cría de ovinos resistentes ás encefalopatías esponxiformes transmisibles.

As solicitudes de axuda irán xunto con, polo menos, a documentación acreditativa dos requisitos exixidos e, especificamente, os seguintes documentos:

a) Certificación do xenotipo ou carta xenealóxica en que conste o xenotipo.

b) Documentación acreditativa do sacrificio ou castración.

Artigo 24. *Tramitación, resolución e pagamento.*

1. As solicitudes de subvención dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a sede da organización de criadores ou a explotación do beneficiario, de acordo co previsto nos artigos anteriores, o cal as tramitará e realizará os controis administrativos e sobre o terreo que considere oportunos.

2. Así mesmo, os órganos competentes das comunidades autónomas resolverán anualmente a concesión ou denegación das subvencións e procederán ao seu pagamento nun prazo que non supere os seis meses, desde a data en que reciban a transferencia dos correspondentes fondos da Administración xeral do Estado, de acordo co previsto no artigo 26.2.

3. Nas resolucións de concesión da subvención farase constar, expresamente, que os fondos con que se sufraga proceden dos orzamentos xerais do Estado ou, no caso de participación doutras administracións públicas con fondos propios, o importe e porcentaxe destes.

Artigo 25. *Contía das subvencións.*

O importe da subvención, en concorrencia con outras axudas ou subvencións que poidan conceder outras administracións públicas, entes públicos adscritos ou dependentes destas, tanto nacionais como internacionais, e outras persoas físicas ou xurídicas de natureza privada, non poderá superar o custo total da actividade obxecto da subvención, nin os límites establecidos nos números 11.1.1, 11.4.3, 11.4.4 e 15.1 das Directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C 28/02), nin as seguintes contías máximas para cada subvención:

a) Para as subvencións previstas no artigo 20.a), a contía máxima será o 50 por cento do custo de aplicación do programa de selección xenética e, en todo caso, non superará as seguintes cantidades anuais:

1.^a 21.000 euros para as organizacións de criadores que xestionen razas catalogadas como de protección especial no Catálogo oficial de razas de gando de España, establecido polo Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro.

2.^a 30.000 euros para as organizacións de criadores que xestionen outras razas incluídas no Catálogo oficial de razas de gando de España, establecido polo Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro.

b) Para as subvencións previstas no artigo 20.b), a contía máxima será o 40 por cento do custo da actividade desenvolvida e, en todo caso, non superará os 18.000 euros por organización de criadores.

c) Para as indemnizacións previstas no artigo 20.c), o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación cofinanciará as comunidades autónomas ata un máximo do 50 por cento do prezo de mercado do animal na data do seu sacrificio ou castración, con cargo ao crédito existente na aplicación que se prevexa nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio, dentro das disponibilidades orzamentarias, e, en todo caso, non superará os 450 euros por animal.

Artigo 26. *Financiamento das subvencións.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación financiará as subvencións previstas neste real decreto con cargo á aplicación orzamentaria que, para cada exercicio, se determine nos orzamentos xerais do Estado.

2. A distribución territorial dos créditos consignados para o efecto nos orzamentos xerais do Estado a cargo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizarase de acordo co previsto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Na súa virtude, para cada exercicio establecerase, de acordo coas disponibilidades orzamentarias e tendo en conta, se é o caso, os remanentes a que se refire o número 4, a cantidade máxima correspondente a cada comunidade autónoma.

3. As resolucións ditadas polos órganos competentes das comunidades autónomas non poderán conceder, en cada exercicio, axudas que superen no seu conxunto, en que respecta aos importes das ditas axudas que se financien mediante os fondos achegados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as contías aprobadas para cada exercicio, tendo en conta, se é o caso, os remanentes, para cada comunidade autónoma nas Conferencias Sectoriais de Agricultura e Desenvolvemento Rural correspondentes.

4. Os remanentes dos fondos resultantes ao finalizar cada exercicio orzamentario, que se encontren en poder das comunidades autónomas, seguirán mantendo o destino específico para o que foron transferidos e utilizaranse no seguinte exercicio como situación de tesouraría en orixe para a concesión de novas subvencións.

Artigo 27. *Deber de información.*

As comunidades autónomas comunicaranlle anualmente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación:

a) Antes do 30 de abril, a información sobre as solicitudes de axuda recibidas ata a dita data.

b) No primeiro trimestre de cada exercicio, os datos relativos ás axudas concedidas e pagadas no ano anterior.

Artigo 28. *Modificación da resolución, incumprimento e reintegro.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, dará lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos previstos no artigo seguinte.

2. O incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da subvención, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir o beneficiario, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida, coa obriga de reembolsar as cantidades xa percibidas, incrementadas cos xuros de demora legais.

3. Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a exixencia do xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos supostos previstos no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 29. *Compatibilidade das axudas.*

As subvencións previstas neste capítulo serán compatibles entre si e con calquera outra que, para a mesma finalidade e obxecto, puidesen establecer outras administracións públicas. Non obstante, o importe total das axudas percibidas por cada beneficiario, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, non poderá superar o custo de toda a actuación subvencionada para o período de que se trate, nin os límites establecidos nos números 11.1.1, 11.4.3, 11.4.4 e 15.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario (2000/C 28/02), polo que, no caso de obtención concorrente das ditas axudas, o importe da subvención regulada neste real decreto reducirase na proporción que corresponda, ata respectar o dito límite.

CAPÍTULO IX

Réxime sancionador

Artigo 30. *Infraccións e sancións.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 28 para as subvencións, no caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións previsto na normativa legal aplicable en materia de sanidade animal, así como no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

Disposición transitoria primeira. *Xenotipado de reprodutores inscritos en libros xenealóxicos de nova creación.*

No caso de libros xenealóxicos aprobados con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto, o prazo para xenotipar os animais reprodutores será, como máximo, de 24 meses, contado a partir da publicación, no boletín ou diario oficial de que se trate, do correspondente regulamento do libro xenealóxico.

Disposición transitoria segunda. *Prazo para presentación de programas de selección xenética para novas organizacións de criadores oficialmente recoñecidas.*

Para as organizacións de criadores oficialmente recoñecidas con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto, o prazo para a presentación dos programas de selección xenética será de dous meses desde a data de obtención do recoñecemento oficial.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico e título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

2. Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para a modificación dos anexos, para a súa adecuación á normativa comunitaria ou por motivos urxentes de zootecnia ou de sanidade animal e para a actualización das contías das axudas previstas no capítulo VIII, para a súa adecuación á evolución do índice de prezos de consumo, naqueles casos que sexa necesario.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Expresión do xenotipo

1. No marco do Programa nacional de xenotipado ovino, o xenotipo dos animais analizados exprésase pola combinación de dous alelos.

2. Indicarase cada alelo por medio dun código de tres letras, como aparece no seguinte cadro:

A) Alelo	Aminoácido codificado na posición 136	Aminoácido codificado na posición 154	Aminoácido codificado na posición 171
ARR	Alanina	Arxinina	Arxinina
AHQ	Alanina	Histidina	Glutamina
ARH	Alanina	Arxinina	Histidina
ARQ	Alanina	Arxinina	Glutamina
VRQ	Valina	Arxinina	Glutamina

ANEXO II

Normas específicas para os rabaños participantes no Programa nacional de xenotipado ovino

A) Rabaños de alto valor xenético:

1. As normas mínimas para os rabaños participantes serán:

a) Identificaranse individualmente, con bolo ruminal con dispositivo electrónico, todos os animais reprodutores maiores de seis meses da explotación cuxo xenotipo se vaia determinar, ou de acordo co método previsto no

artigo 10.3, para aqueles que se acollan á excepción establecida nel.

b) Será obrigatorio determinar o xenotipo de todos os reprodutores da explotación antes de que se utilicen para tal fin. Así mesmo, poderanse voluntariamente xenotipar os descendentes de reprodutores xenotipados que poidan ser destinados á reprodución. Para o xenotipado de animais non reprodutores, de idade inferior aos seis meses, poderanse admitir métodos de identificación individual diferentes á identificación electrónica; estes animais deberánse identificar electronicamente e xenotiparse de novo antes de seren destinados á reprodución.

c) Será obrigatoria a eliminación da reprodución, mediante sacrificio ou castración, nun prazo de seis meses a partir da determinación do seu xenotipo, de calquera macho que posúa o alelo VRQ; estes animais só poderán abandonar a explotación se o seu destino inmediato é o sacrificio, ou a súa castración cando se realice fóra da súa explotación. Así mesmo, prohibirase a utilización de doses seminais almacenadas pertencentes a eses animais. No caso de sacrificio ou castración poderanse solicitar as axudas indicadas no artigo 20.c).

d) Prohibirase que as femias das cales se coñeza que presentan o alelo VRQ saian da explotación, excepto para o seu sacrificio.

e) Prohibirase que os machos, incluídos os doadores de esperma utilizados para inseminación artificial, que non recibisen a certificación no marco do programa, se utilicen para reprodución no rabaño.

2. Poderanse admitir excepcións aos requisitos establecidos nas letras c) e d) anteriores no caso de razas:

a) Que presenten un nivel do alelo ARR por debaixo do 25 por cento.

b) Que estean en perigo de abandono, como se indica no artigo 14.1.a) do Regulamento (CE) n.º 445/2002 da Comisión, do 26 de febreiro de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA).

c) Que sexan de protección especial, como se indica no anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo oficial de razas de gando de España.

B) Rabaños de produción.

As normas mínimas para os rabaños de produción que participen voluntariamente no Programa nacional de xenotipado ovino serán:

a) Identificaranse individualmente, con bolo ruminal con dispositivo electrónico, todos os animais reprodutores maiores de seis meses da explotación cuxo xenotipo se vaia determinar.

b) Será obrigatorio determinar o xenotipo de todos os reprodutores da explotación antes de que se utilicen para tal fin. Así mesmo, poderanse voluntariamente xenotipar os descendentes de reprodutores xenotipados que poidan ser destinados á reprodución. Para o xenotipado de animais non reprodutores, de idade inferior aos seis meses, poderanse admitir métodos de identificación individual diferentes á identificación electrónica; estes animais deberánse identificar electronicamente e xenotiparse de novo antes de seren destinados á reprodución.

c) Será obrigatoria a eliminación da reprodución, mediante sacrificio ou castración, nun prazo de seis meses a partir da determinación do seu xenotipo, de calquera macho que posúa o alelo VRQ; estes animais só

poderán abandonar a explotación se o seu destino inmediato é o sacrificio, ou a súa castración cando se realice fóra da súa explotación. Así mesmo, prohibirase a utilización de doses seminais almacenadas pertencentes a eses animais.

d) Prohibirase que as femias das cales se coñeza que presentan o alelo VRQ saian da explotación, excepto para o seu sacrificio.

e) Prohibirase que os machos, incluídos os doadores de esperma utilizados para inseminación artificial, que non recibisen a certificación no marco do programa, se utilicen para reprodución no rabaño.

ANEXO III

Requisitos para o recoñecemento oficial do status de resistente ás EET a certas explotacións de ovinos e para o mantemento do dito status

A. Niveis de resistencia a EET.

A autoridade competente outorgará o recoñecemento oficial do status de resistente ás EET a explotacións de ovinos que, como resultado da súa participación no Programa nacional de xenotipado ovino ou de calquera outro modo, satisfagan os criterios aquí previstos para cada un dos niveis establecidos con base na seguinte clasificación:

Nivel I: explotacións formadas na súa totalidade por ovinos de xenotipo ARR/ARR.

Nivel II: explotacións cuxa proxenie fose obtida exclusivamente de machos de xenotipo ARR/ARR e femias de xenotipo ARR/ARR, ARR/AHQ ou AHQ/AHQ.

Nivel III: explotacións cuxa proxenie fose obtida exclusivamente de machos de xenotipo ARR/ARR e femias que non sexan de xenotipo ARQ/ARQ, nin posúan ningún alelo VRQ.

Nivel IV: explotacións cuxa proxenie fose obtida exclusivamente de machos con, polo menos, un alelo ARR e sen o alelo VRQ, e femias sen alelo VRQ.

Nivel V: explotacións cuxa proxenie fose obtida exclusivamente de reprodutores que non posúan o alelo VRQ e que non se inclúan nos niveis anteriores.

B. Mostraxe aleatoria.

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas realizarán unha mostraxe aleatoria periódica das explotacións oficialmente recoñecidas, segundo a clasificación detallada no punto anterior:

a) Nas explotacións ou no matadoiro, con obxecto de verificar o seu xenotipo e a súa adecuación aos niveis anteriormente definidos para as explotacións de orixe.

b) No caso dos rabaños de nivel I, en animais maiores de 18 meses, no matadoiro, con obxecto de realizar probas de EET, de conformidade co anexo III do Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Se, como resultado da mostraxe, se desprende a non-coincidencia do xenotipo do animal analizado co que corresponde ao nivel outorgado ao rabaño, a autoridade competente retirará, como medida cautelar, a condición de rabaño resistente a EET e tomará as demais medidas que considere oportunas.

19085 REAL DECRETO 1313/2005, do 4 de novembro, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación do material de multiplicación de fungos cultivados. («BOE» 278, do 21-11-2005.)

O cultivo de fungos é un sector produtivo con ampla tradición e ben asentado en España, no que cada vez máis as modernas tecnoloxías se aplican con éxito no propio cultivo e na produción do material de multiplicación necesario.

A produción do material de multiplicación localízase en empresas especializadas capaces de aplicar sistemas de control da calidade.

Por todo iso, é conveniente que se fixen normas de calidade e certificación coordinadas para que a produción poida presentar no mercado o seu material cunha referencia de calidade e unha identificación harmonizada, de acordo co obxecto e os fins establecidos pola Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e das regras relativas aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico interno.

No procedemento de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de novembro de 2005,

DISP O Ñ O :

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento técnico de control e certificación do material de multiplicación de fungos cultivados, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Recoñecemento mutuo.*

Este real decreto non se aplicará ao material de multiplicación de fungos cultivados procedente doutros Estados membros ou de países do Espazo Económico Europeo que fose producido ou importado de acordo coa súa legislación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 10.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre comercio exterior, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación deste real decreto.